



ÍNDICE DA MEMORIA DE XUSTIFICACIÓN DE ACTIVIDADE 2010

> A **data límite** de presentación da memoria xustificativa de actividade é o **venres 15 de outubro de 2010**, debendo ser presentada **impresa en soporte papel** na Subdirección Xeral de Deportes.

> Para o deseño e presentación desta memoria non existe unha aplicación informática nin un impreso oficial, pero **sí será obrigatorio presentala desenvolvendo os apartados detallados a continuación:**

PROGRAMA 1: GASTOS XERAIS

- Relación de persoal fixo ou eventual da área de administración/secretaría.
- Gastos da sede.
- Gastos en subministros (descrición sucinta non sendo preciso relacionar os gastos que xa figuran na xustificación económica).

PROGRAMA 2: ACTIVIDADE ORDINARIA

- Campionatos galegos: relación dos mesmos, datas/lugar de celebración, número de participantes e resultados.
- Seleccións autonómicas: relación de participacións, datas/lugar de celebración, número de participantes e resultados máis destacados.
- Outras participacións: relación de participación, datas/lugar de celebración, número de participantes e resultados máis destacados.

PROGRAMA 3: TECNIFICACIÓN

- Breve descrición dos grupos de traballo: deportistas, adestradores, periodicidade dos adestramentos, sede ou sedes dos mesmos, resultados máis destacados dos deportistas incluídos nos programas en campionatos/probas, deportistas que accedesen a Centros de Tecnificación, Centros Especializados ou CAR.

PROGRAMA 4: DEPORTE ESCOLAR

- PROGRAMA XOGADE: Breve descrición, resultados, datos de actividade: nº de deportistas, nº de probas.
- OUTROS PROGRAMAS DE ACTIVIDADE ESCOLAR: Actividade escolar xerada fora do anterior programa: breve descrición das accións que se realizan, nº de deportistas, nº de probas, resultados.

PROGRAMA 5: OUTROS PROGRAMAS DE ESPECIAL RELEVANCIA

- No caso de asistencia a campionatos do Mundo, de Europa ou probas relevantes, consignaranse o número de participantes, lugar de participación e os resultados.